## CONTIDO

Normativa 2
Convocatorias 12
Actividades 15
Bibliografía 22

# NORMATIVA

## ACTIVIDADES INDUSTRIAIS

### Galicia

**ANUNCIO do 12 de maio de 2026, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se dá publicidade á resolución pola que se revisa e modifica a autorización ambiental integrada outorgada a Congalsa, S.L. para unha fábrica de produtos precociñados a base de peixe no concello da Pobra do Caramiñal (A Coruña) (expedientes 2020-IPPC-M-43 e 2026-IPPC-M-48).** **(Diario Oficial de Galicia, Num: 99, 29-05-2026, Páx: 31492)**

**Organismo:** CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

**ANUNCIO do 5 de maio de 2026, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se dá publicidade a resolucións de modificación de autorizacións ambientais integradas e a correccións de erros.** **(Diario Oficial de Galicia, Num: 93, 21-05-2026, Páx: 29579)**

**Organismo:** CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

## AUGAS CONTINENTAIS

### Local

**Aprobación definitiva do Regulamento do servizo de abastecemento de auga - Concello de Manzaneda** **(BOP Ourense, Num: 83, 06-05-2026, Páx: 8)**

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

## AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

### Galicia

**ANUNCIO do 13 de maio de 2026, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, do informe ambiental estratéxico relativo ao Plan especial de reforma interior API Q18 parque de Oza, no concello da Coruña (expediente 2026AAE3066).** **(Diario Oficial de Galicia, Num: 96, 26-05-2026, Páx: 30511)**

**Organismo:** CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

**ANUNCIO do 28 de abril de 2026, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, do informe ambiental estratéxico relativo ao Plan básico municipal do concello de Pantón (expediente 2026AAE3065).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 88, 13-05-2026, Páx: 27937)

**Organismo:** CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

**ANUNCIO do 28 de abril de 2026, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, do informe ambiental estratéxico relativo ao Plan especial de protección do centro histórico do núcleo de Baños de Molgas (expediente 2025AAE3037).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 88, 13-05-2026, Páx: 27938)

**Organismo:** CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

## AVALIACIÓN DE IMPACTO, EFECTO, INCIDENCIA AMBIENTAL

### Galicia

**ANUNCIO do 8 de maio de 2026, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se fai público o acordo polo que se prorroga a vixencia do informe de impacto ambiental da ampliación da EDAR dos Praceres, no concello de Pontevedra (clave do expediente 2019/0143).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 95, 25-05-2026, Páx: 30138)

**Organismo:** CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

**ANUNCIO do 23 de abril de 2026, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto dun centro xestor de residuos (valorización de residuos perigosos e non perigosos de desmantelamento de extintores e almacenamento de baterías) na parroquia da Pastoriza, no concello de Arteixo (A Coruña) (expediente 2025/0164).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 85, 08-05-2026, Páx: 27240)

**Organismo:** CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

**ANUNCIO do 4 de maio de 2026, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se fai público o informe de**

**impacto ambiental do proxecto de cambio de uso de forestal a agrícola dunha parcela na parroquia de Suegos, no concello de Pol (Lugo) (clave do expediente 2023/0167).** **(Diario Oficial de Galicia, Num: 90, 18-05-2026, Páx: 28739)**

**Organismo:** CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

**ANUNCIO do 12 de maio de 2026, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto da planta de valorización de residuos non perigosos no polígono industrial de San Cristovo de Cea (Ourense) (expediente 2024/0261).** **(Diario Oficial de Galicia, Num: 97, 27-05-2026, Páx: 30781)**

**Organismo:** CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

**ANUNCIO do 23 de abril de 2026, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de campamento de turismo no lugar das Bizocas, na parroquia de San Vicente do Grove, no concello do Grove (clave do expediente 2025/0112).** **(Diario Oficial de Galicia, Num: 84, 07-05-2026, Páx: 27035)**

**Organismo:** CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

**ANUNCIO do 5 de maio de 2026, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de cambio de uso de forestal a agrícola, para viñedo, de varias parcelas nas parroquias de Codeso, Sucira e Pousada, no concello de Boqueixón (A Coruña) (expediente 2024/0209).** **(Diario Oficial de Galicia, Num: 91, 19-05-2026, Páx: 29012)**

**Organismo:** CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

**ANUNCIO do 27 de abril de 2026, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto dunha planta de produción sostible e automatizada de produtos conxelados e as súas infraestruturas asociadas, no polígono industrial da Tomada, no concello da Pobra do Caramiñal (A Coruña) (expediente 2024/0128).** **(Diario Oficial de Galicia, Num: 86, 11-05-2026, Páx: 27414)**

**Organismo:** CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

## CAMBIO CLIMÁTICO

### Estatal

**Resolución do 12 de maio de 2026, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que se determinan os valores medios nacionais da intensidade das emisións de gases de efecto invernadoiro durante o ciclo de vida en relación coa electricidade consumida por motocicletas e vehículos eléctricos. (Boletín Oficial del Estado, Num: 122, 20-05-2026, Páx: 68997)**

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

### Comunitaria

**Regulamento (UE) 2026/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2026, polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/1242 no que respecta ao cálculo dos créditos de emisións dos vehículos pesados para os períodos de comunicación dos anos 2025 a 2029. (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 07-05-2026, Páx: -)**

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Regulamento (UE) 2026/1030 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2026, sobre a contabilización das emisións de gases de efecto invernadoiro dos servizos de transporte (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 12-05-2026, Páx: -)**

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

## CAZA, PESCA E MARISQUEO

### Galicia

**RESOLUCIÓN do 13 de maio de 2026, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2026/27. (Diario Oficial de Galicia, Num: 91, 19-05-2026, Páx: 28847)**

**Organismo:** CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

**RESOLUCIÓN do 27 de abril de 2026 pola que se aproba o Plan experimental para a xestión do polbo (Octopus vulgaris) para a campaña 2026/27.** **(Diario Oficial de Galicia, Num: 83, 06-05-2026, Páx: 26749)**

**Organismo:** CONSELLERÍA DO MAR

## ENERXÍAS RENOVABLES E EFICIENCIA ENERXÉTICA

### Comunitaria

**Regulamento Delegado (UE) 2026/52 da Comisión, do 16 de decembro de 2025, polo que se modifica o anexo III da Directiva (UE) 2024/1275 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao marco da Unión para o cálculo nacional do potencial de quecemento global ao longo do ciclo de vida** **(Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 04-05-2026, Páx: -)**

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

## ESPAZOS NATURAIS E PATRIMONIO FORESTAL

### Outras CCAA

**Corrección de erros do Decreto 24/2026, do 21 de abril, polo que se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000, en Castilla-La Mancha.** **(Diario Oficial de Castilla-La Mancha, Num: 96, 22-05-2026, Páx: 18213)**

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

## MEDIO AMBIENTE XERAL

### Galicia

**RESOLUCIÓN do 15 de maio de 2026, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos por esta consellería durante o primeiro cuadrimestre do ano 2026.** **(Diario Oficial de Galicia, Num: 95, 25-05-2026, Páx: 29977)**

**Organismo:** CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

## Outras CCAA

**Decreto 33/2026, do 8 de maio, polo que se aproba o Plan Especial de Protección Civil por Fenómenos Meteorolóxicos Adversos da Comunidade Autónoma de Cantabria (METEOCANT).** **(Boletín Oficial de Cantabria, Num: 91, 14-05-2026, Páx: 24858)**

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

## Comunitaria

**Decisión do Comité Mixto do EEE n.º 54/2026, do 6 de febreiro de 2026, pola que se modifica o anexo XX (Medio ambiente) do Acordo EEE** **(Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 21-05-2026, Páx: - )**

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Decisión do Comité Mixto do EEE n.º 55/2026, do 6 de febreiro de 2026, pola que se modifica o anexo XX (Medio ambiente) do Acordo EEE** **(Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 21-05-2026, Páx: - )**

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Decisión do Comité Mixto do EEE n.º 53/2026, do 6 de febreiro de 2026, pola que se modifica o anexo XX (Medio ambiente) do Acordo EEE** **(Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 21-05-2026, Páx: - )**

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Decisión do Comité Mixto do EEE n.º 52/2026, do 6 de febreiro de 2026, pola que se modifica o anexo XX (Medio ambiente) do Acordo EEE** **(Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 21-05-2026, Páx: - )**

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Decisión do Comité Mixto do EEE n.º 56/2026, do 6 de febreiro de 2026, pola que se modifica o anexo XX (Medio ambiente) do Acordo EEE** (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 21-05-2026, Páx: -)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

## PROTECCIÓN DA FAUNA E DA FLORA

### Local

**Ordenanza reguladora da tenza, defensa e custodia dos animais de compañía - Concello do Vicedo** (BOP Lugo, Num: 114, 21-05-2026, Páx: 29)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

## RESIDUOS

### Comunitaria

**Decisión de Execución 2026/1041 da Comisión, do 5 de maio de 2026, pola que se modifica a Directiva 2008/68/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre o transporte terrestre de mercadorías perigosas, para autorizar determinadas excepcións nacionais** (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 12-05-2026, Páx: -)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Regulamento de Execución (UE) 2026/1116 da Comisión, do 26 de maio de 2026, polo que se especifica unha lista de produtos, compoñentes e fluxos de residuos que se considera que teñen un potencial adecuado de valorización de materias primas fundamentais con arranxo ao Regulamento (UE) 2024/1252** (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 27-05-2026, Páx: -)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

## SAÚDE AMBIENTAL

### Comunitaria

**Decisión de Execución (UE) 2026/1111 da Comisión, do 22 de maio de 2026, pola que se atrasa a data de expiración da aprobación do tetraborato de disodio para o seu uso en biocidas do tipo de produto 8, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello** (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 26-05-2026, Páx: -)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Regulamento de Execución (UE) 2026/1154 da Comisión, do 29 de maio de 2026, polo que se modifica o Regulamento de Execución (UE) n.º 540/2011 no que respecta á supresión da metoxifenozida, o pentiopirad e a mestura de terpenoides QRD 460 da lista de substancias activas aprobadas conforme o Regulamento (CE) n.º 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello.** (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 29-05-2026, Páx: -)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Regulamento (UE) 2026/1123 da Comisión, do 26 de maio de 2026, polo que se establecen requisitos de etiquetaxe para os produtos fitosanitarios e derógase o Regulamento (UE) n.*º 547/2011** (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 27-05-2026, Páx: -)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Regulamento de Execución (UE) 2026/1114 da Comisión, do 26 de maio de 2026, que modifica o Regulamento de Execución (UE) 2022/2252 da Comisión polo que se concede unha autorización da Unión para a familia de biocidas Brenntag GmbH Propan-2-ol Product Family, no referente a cambios administrativos** (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 27-05-2026, Páx: -)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Decisión de Execución (UE) 2026/1103 da Comisión, do 22 de maio de 2026, pola que se atrasa a data de expiración da aprobación do PHMB (1415; 4.7) para o seu uso en biocidas dos tipos de produto 2 e 4, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello** (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 26-05-2026, Páx: -)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Decisión de Execución (UE) 2026/1109 da Comisión, do 22 de maio de 2026, pola que se atrasa a data de expiración da aprobación do glutaraldehído para o seu uso en biocidas dos tipos de produto 2, 3, 4, 6, 11 e 12, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello** (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 26-05-2026, Páx: -)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Decisión de Execución (UE) 2026/1112 da Comisión, do 22 de maio de 2026, pola que non se renova a aprobación da cipermetrina para o seu uso en biocidas do tipo de produto 8, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello** (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 26-05-2026, Páx: -)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Decisión de Execución (UE) 2026/1113 da Comisión, do 22 de maio de 2026, que derroga a Decisión de Execución (UE) 2025/362, pola que se atrasa a data de expiración da aprobación da cipermetrina para o seu uso en biocidas do tipo de produto 8, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello** (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 26-05-2026, Páx: -)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Decisión de Execución (UE) 2026/1129 da Comisión, do 22 de maio de 2026, pola que se atrasa a data de expiración da aprobación do IPBC para o seu uso en biocidas do tipo de produto 8, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello** (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 26-05-2026, Páx: -)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Decisión de Execución (UE) 2026/1128 da Comisión, do 22 de maio de 2026, pola que se atrasa a data de expiración da aprobación do ácido bórico para o seu uso en biocidas do tipo de produto 8, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello** (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 26-05-2026, Páx: -)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

## NORMATIVA

**Regulamento de Execución (UE) 2026/1159 da Comisión, do 28 de maio de 2026, polo que se modifica o Regulamento de Execución (UE) 2024/2432 no que respecta a cambios administrativos na autorización da Unión para a familia de biocidas Diversey Hydrogen Peroxide Product Family** (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 29-05-2026, Páx: -)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Regulamento (UE) 2026/1120 da Comisión, do 26 de maio de 2026, polo que se modifica o anexo III do Regulamento (CE) n.º 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello engadindo doce coformulantes que non poden entrar na composición dos produtos fitosanitarios** (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 27-05-2026, Páx: -)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Decisión de Execución (UE) 2026/1089 da Comisión, do 20 de maio de 2026, pola que se atrasa a data de expiración da aprobación da medetomidina para o seu uso en biocidas do tipo de produto 21, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello** (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: null, 22-05-2026, Páx: -)

**Organismo:** OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

CONVOCATORIAS

## AXUDAS E SUBVENCIÓNS

### Galicia

**RESOLUCIÓN do 4 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos e en entidades locais menores da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas nun 70 % pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 con carácter plurianual (código de procedemento AU301E).** **(Diario Oficial de Galicia, Num: 90, 18-05-2026, Páx: 28608)**

**Destinatarios:** Os concellos que teñan unha poboación total inferior a 20.000 habitantes e as entidades locais menores, e que sexan responsables de sistemas de abastecemento.
**Obxecto:** A concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de actuacións que permitan minimizar as perdas de auga en concellos cunha poboación inferior a 20.000 habitantes e entidades locais menores da Comunidade Autónoma de Galicia, e convocar estas subvencións para o ano 2026 con carácter plurianual (2026-2027)
**Convoca:** Augas de Galicia

**Prazo:** Do 27 de maio de 2026 ata o día 29 de xuño de 2026 ás 14.00 horas.

**RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2026 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes da Resolución do 27 de xaneiro de 2026, pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas a proxectos de descarbonización e renovación industrial de industrias tractoras nas comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027, territorio P2 A Coruña, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026-2027-2028-2029 en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IG408N).** **(Diario Oficial de Galicia, Num: 99, 29-05-2026, Páx: 31400)**

**Destinatarios:** Consultar a Resolución do 27 de xaneiro de 2026.

**Obxecto:** Consultar a Resolución do 27 de xaneiro de 2026.

**Convoca:** Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

**Prazo:** Remata o 15 de xuño de 2026

**CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 4 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos**

**danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento MT809D).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 83, 06-05-2026, Páx: 26692)

**Destinatarios:** Consultar a Orde do 4 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas.
**Obxecto:** Consultar a Orde do 4 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas.

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**Prazo:** Consultar a Orde do 4 de decembro de 2025

## Estatal

**Orde TED/499/2026, do 20 de maio, pola que se modifica a Orde TED/167/2024, do 20 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, da Fundación Biodiversidade, F.S.P., para o impulso da economía circular nos sectores do téxtil e a moda e do plástico no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.** (Boletín Oficial del Estado, Num: 125, 22-05-2026, Páx: 69872)

**Destinatarios:** Consultar a Orde TED/167/2024, do 20 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras.
**Obxecto:** Consultar a Orde TED/167/2024, do 20 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras.

**Convoca:** Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

**Prazo:** As establecidas nas correspondentes convocatorias.

## Unión europea

**Renewable energy technology (RET) solutions in energy communities HORIZON-CL5-2026-2-PRIZE**

**Destinatarios:** - Ser unha “comunidade de enerxía renovable”, segundo defínese no artigo 2, apartado 16, da Directiva (UE) 2018/2001, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables (REDE II), modificada pola Directiva (UE) 2023/2413 (REDE III)11, ou unha “comunidade de enerxía cidadá”, segundo defínese no artigo 2, apartado 11, da Directiva (UE) 2019/944, relativa ao mercado interior da electricidade.
− Ser persoas xurídicas (públicas ou privadas).
**Obxecto:** Convocatoria para premiar comunidades enerxéticas europeas con solucións innovadoras e modelos de gobernanza inclusivos.

**Convoca:** Comisión Europea

**Prazo:** 25/06/2026

**Introdución de modelos de economía circular no sector da construción, desde edificios ata escala urbana. HORIZON-MISS-2026-04-CIT-NEB-B4P-CCRI-03**

**Destinatarios:** Dirixido a consorcios con polo menos tres cidades participantes.

**Obxecto:** Desenvolvemento e demostración de solucións e modelos de negocio de economía circular no sector da construción, a nivel de edificio, distrito e cidade, con probas en polo menos tres cidades de distintos países e resultados medibles en materiais, reciclaxe e emisións.

**Convoca:** Comisión Europea

**Prazo:** 08 de outubro de 2026, 17:00:00 hora de Bruselas

## Apoiar a implementación da Misión de Adaptación ao Cambio Climático (HORIZON-MISS-2026-1-CLIMA-02)

**Destinatarios:** Dirixido a consorcios que colaboren estreitamente con administracións públicas.

**Obxecto:** Identificación e difusión de boas prácticas de adaptación climática para rexións e autoridades locais, facilitando a súa aplicación e expansión ata 2030.

**Convoca:** Comisión Europea

**Prazo:** 23 de setembro de 2026, 17:00:00 hora de Bruselas

# CONGRESOS

## Estatal

### 23 Congreso Nacional da Recuperación e o Reciclado

**Contido:** O principal punto de encontro para profesionais da recuperación e a reciclaxe.

**Lugar:** Madrid

**Organizador:** Federación Española da Recuperación e a Reciclaxe (FER)

**Data de inicio:** 10-06-2026

**Data de fin:** 11-06-2026

## Unión europea

### XIII Congreso Europeo de Entomoloxía. ECE 2026

**Contido:** ECE 2026 é o foro ideal para explorar esta dualidade e a infinita diversidade de especies de insectos, estratexias evolutivas e interaccións entre insectos e humanos. Cun amplo programa de conferencias plenarias e maxistrais, simposios e sesións de pósteres, o noso obxectivo é estimular o diálogo interdisciplinario, desde a ciencia fundamental ata a innovación aplicada, desde a escala molecular ata as políticas globais, e desde a conservación da biodiversidade ata o desenvolvemento sostible.

**Lugar:** Tours, Francia

**Organizador:** Sociedade Francesa de Entomoloxía e o Praesidium de Entomoloxía Europea

**Data de inicio:** 29-06-2026

**Data de fin:** 03-07-2026

## Internacional

### XXII Congreso Internacional de Investigación Educativa

**Contido:** O congreso ten como obxectivo situarse á vangarda da investigación educativa ante os rápidos avances tecnolóxicos e os desafíos globais relacionados co cambio climático e as desigualdades sociais.

**Lugar:** Granada

**Organizador:** AIDIPE

**Data de inicio:** 24-06-2026

**Data de fin:** 26-06-2026

# CURSOS

## Estatal

### A educación e comunicación ambiental a través das artes en espazos naturais 2026

**Contido:** -Deseñar e aplicar unha metodoloxía para a educación ambiental que integre distintas disciplinas artísticas como ferramentas pedagóxicas.
-Incorporar novos recursos creativos na elaboración de programas de Educación e -Comunicación Ambiental, tanto en espazos naturais como en centros educativos, utilizando a escultura, a danza, a poesía, a literatura, a música, o cine, a pintura e o muralismo.
-Impulsar a creatividade como eixo transversal nos proxectos de conservación e divulgación da biodiversidade.
-Proporcionar ferramentas de comunicación oral e expresión corporal que permitan actualizar a transmisión de mensaxes ambientais e enriquecer a experiencia de visitantes, alumnado e outros públicos destinatarios.

**Lugar:** CENEAM (Valsain) Segovia

**Organizador:** CENEAM

**Inscrición:** Do 28 de maio ás 8.00 (a.m.) ao 12 de xuño ás 8.00 (a.m.) hora peninsular

**Data de inicio:** 20-07-2026

**Data de fin:** 23-07-2026

### Máster Universitario en DDHH, Sostibilidade e Xustiza Climática - Universidade de Salamanca

**Contido:** Unha proposta formativa interdisciplinar dirixida, tanto a estudiosos como a profesionais, e orientada a enfrontar os principais desafíos ambientais do noso tempo e as graves repercusións sociais que provocan.

**Lugar:** Híbrida

**Organizador:** Universidade de Salamanca

**Inscrición:** Preinscición aberta. Prazas limitadas

**Data de inicio:** 01-09-2026

# XORNADAS

## Estatal

### Infoday nacional: Circular Bio-based Europe (CBE JU) - Convocatoria 2026

**Contido:** Unha sesión informativa na que se presentará o programa, as súas regras de participación e o contido da Convocatoria 2026.

**Lugar:** Madrid

**Organizador:** CDTI

**Data de inicio:** 09-06-2026

**Data de fin:** 09-06-2026

## Unión europea

### Reunión da plataforma LIFE: Afrontando os retos do Regulamento de Restauración da Natureza no medio mariño

**Contido:** A reunión centrarase en apoiar a implementación do Regulamento de Restauración da Natureza (NRR), que establece obxectivos ambiciosos para a restauración dos ecosistemas mariños en toda a UE. Dado que os Estados membro deben identificar as necesidades de restauración e elaborar plans nacionais de restauración para 2027, o evento proporcionará unha plataforma para o intercambio de coñecementos, ferramentas e solucións prácticas.

**Lugar:** Valencia

**Organizador:** Fundación para a Biodiversidade

**Data de inicio:** 09-06-2026

**Data de fin:** 11-06-2026

# OUTRAS ACTIVIDADES

## Galicia

### Ecomenú Literario: lectura en voz alta para saborear a natureza

**Contido:** Xuño trae consigo unha das épocas do ano que máis disfrutamos na biblioteca verde do CEIDA: a de abrir as portas ao xardín, sacar os libros ao exterior e deixar que a lectura se mesture cos sons, os aromas e as cores da natureza. Co Día Mundial do Medio Ambiente á volta da esquina, regresa o Ecomenú Literario, unha proposta de lectura en voz alta, diálogo e reflexión compartida para reconectar coa natureza a través das palabras.

Durante a actividade, dirixida a público adulto e xuvenil (a partir de 16 anos), as persoas participantes poderán descubrir unha selección de textos e lecturas preparadas para a ocasión, nun menú degustación inspirado na natureza, a emoción e a escoita colectiva.

**Lugar:** Xardín do Pazo de Lóngor

**Organizador:** CEIDA

**Inscrición:** Confirmar asistencia no formulario

**Data de inicio:** 06-06-2026

**Data de fin:** 06-06-2026

## Estatal

### Foro das cidades

**Contido:** O Foro das Cidades é un punto de encontro e intercambio de ideas, proxectos e visións sobre o camiño que han de seguir as cidades para converterse en espazos máis habitables, sostibles, inclusivos, participativos e resilientes. O seu principal obxectivo é ofrecer un espazo de networking tanto ás cidades que xa comezaron esta transición como a decenas de organizacións que traballan cos gobernos locais para facer posibles as súas propostas de cambio.

**Lugar:** IFEMA; MAdrid

**Organizador:** FEMA Madrid

**Data de inicio:** 09-06-2026

**Data de fin:** 11-06-2026

## 13ª Conferencia do Programa Marco de Investigación e Innovación da Unión Europea en España - Horizonte Europa

**Contido:** A Conferencia ten como principal obxectivo analizar as últimas novidades do actual Programa Marco, Horizonte Europa, para favorecer que as entidades españolas melloren a súa participación nas convocatorias dos últimos anos do Programa, así como o seu posicionamento en Europa.
Igualmente, a Conferencia servirá para coñecer a proposta da Comisión Europea para o futuro Programa Marco de Investigación e Innovación, denominado tamén Horizonte Europa, que comezará en 2028, así como o estado da negociación ata ese momento.
Para iso contarase con responsables do Programa e participantes españois salientables, que proporcionarán a súa experiencia.
Ademais, existirá a posibilidade de solicitar reunións con expertos para recibir asesoramento personalizado sobre Horizonte Europa e tamén se poderán organizar encontros bilaterais con outros asistentes.
Adicionalmente, durante a Conferencia celebrarase unha exposición de pósteres de proxectos coordinados por entidades españolas.

**Lugar:** Barcelona

**Organizador:** CDTI

**Data de inicio:** 16-06-2026

**Data de fin:** 16-06-2026

## Sostibilidade que impulsa competividade empresarial

**Contido:** Converte a sustentabilidade na túa mellor vantaxe competitiva. Únete a este encontro estratéxico para descubrir como a Axenda 2030 e os criterios ESG aceleran o crecemento do teu negocio.

**Lugar:** DFactory Barcelona

**Organizador:** Pacto Mundial Red España

**Data de inicio:** 16-06-2026

**Data de fin:** 16-06-2026

## Simposio de AEPECT (Asociación Española da ensinanza das Ciencias da Terra)

**Contido:** Abordaranse temáticas de actualidade centradas nos riscos xeolóxicos ligados a procesos naturais, na capacidade da Xeoloxía para entender procesos adaptativos e mitigadores do cambio climático ou como a divulgación e a interpretación da xeoloxía pode ser unha gran ferramenta cidadá para a prevención das consecuencias socioeconómicas e ambientais das catástrofes naturais.

**Lugar:** Universidade de Almería, campus universitario de La Cañada (Almería)

**Organizador:** Asociación Española da ensinanza das Ciencias da Terra, Universidade de Almeria, Natures

**Data de inicio:** 06-07-2026

**Data de fin:** 11-07-2026

## Unión europea

### Partenariado de Hidróxeno – convocatoria de “Project Development Assistance”

**Contido:** O participado de Hidróxeno de Horizonte Europa lanzou unha nova convocatoria de “Project Development Assistance” (PDA) para apoiar o desenvolvemento de Valles de Hidróxeno. Esta convocatoria ofrece apoio experto gratuíto para axudar a proxectos de Valles de Hidróxeno a avanzar en aspectos técnicos, comerciais e regulatorios para alcanzar a “Final Investment Decision” (FID).
Esta convocatoria presentarase en dous breves Infodays online, o 12 e 19 maio, de 9.30-11.00 horas.

**Organizador:** Clean Hydrogen Partnership

**Inscrición:** Ata o 26 xuño 2026.

### Semana Europea da Enerxía Sostible 2026 - European Sustainable Energy Week (EUSEW)

**Contido:** A Semana Europea da Enerxía Sostible (EUSEW) é o maior evento anual dedicado ás enerxías renovables e ao uso eficiente da enerxía en Europa. Está organizada pola Axencia Executiva Europea de Clima, Infraestrutura e Medio Ambiente (CINEA) e a Dirección Xeral de Enerxía.
Celébrase como un evento híbrido. Relatores e asistentes poden participar tanto en Bruxelas (no edificio Charlemagne da Comisión Europea e no hotel NH Berlaymont) como en liña.

**Lugar:** En liña e Bruselas

**Organizador:** Comisión Europea

**Data de inicio:** 09-06-2026

**Data de fin:** 11-06-2026

### Conferencia Solos para Europa 2026

**Contido:** Solos para Europa: Solos sans para un futuro sostible.
A conferencia, organizada conxuntamente por varios proxectos da Misión Solo, destacará paneis sobre os Obxectivos da Misión, incluíndo sesións transversais que mostrarán as últimas investigacións que se están desenvolvendo en toda Europa. Abordaranse o impacto e as contribucións de científicos, responsables políticos, xestores de terras, a sociedade civil e representantes da industria en materia de investigación e innovación.
Aínda que o evento permitirá mostrar as innovacións que están a xurdir de diversos proxectos financiados pola Unión Europea, a conferencia estará aberta a todos os investigadores e profesionais co obxectivo de reunir as mellores e máis innovadoras iniciativas no ámbito europeo, incluíndo un día dedicado ás iniciativas de Laboratorios Vivos (Living Labs).

**Lugar:** Coimbra, Portugal

**Organizador:** Comisión Europea

**Inscrición:** 15 de xuño de 2026, data límite de inscrición

**Data de inicio:** 07-09-2026

**Data de fin:** 11-09-2026

## Fondo de Innovación: Evento de consulta ás partes interesadas sobre as convocatorias de propostas do IF26

**Contido:** Acto híbrido de consulta ás partes interesadas sobre as próximas convocatorias de propostas do fondo de Innovación 2026 (IF26).
Este acto de consulta coas partes interesadas reunirá os desenvolvedores de proxectos, a industria, as autoridades dos Estados membro e as partes interesadas na innovación climática para intercambiar puntos de vista sobre as próximas convocatorias de propostas do fondo de Innovación de 2026 e achegar información sobre os deseños.

**Lugar:** Bruselas e en liña

**Organizador:** DG CLIMA, Comisión Europea

**Data de inicio:** 19-06-2026

**Data de fin:** 19-06-2026

## Mission Soil Investment Forum

**Contido:** O Foro reunirá a investidores, responsables políticos, institucións financeiras, investigadores e partes interesadas clave para:
- Analizar e promover oportunidades de investimento en saúde do solo.
- Codeseñar mecanismos de investimento innovadores.
- Establecer alianzas estratéxicas para acelerar a transición cara os solos saudables.

**Lugar:** Híbrido, Bruselas e en liña

**Organizador:** Comisión Europea - Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural

**Data de inicio:** 30-06-2026

**Data de fin:** 30-06-2026

# Internacional

## 7ª Conferencia de Recuperación de Recursos da IWA

**Contido:** Baixo o lema «Impulsando as cadeas de valor circulares», a conferencia centrarase en transformar ideas innovadoras en solucións prácticas e escalables que xeren valor para a sociedade, a industria e o medio ambiente. Acéptanse contribucións de toda a cadea de valor, incluíndo o rendemento tecnolóxico, a seguridade dos produtos, os modelos de negocio e estudos de caso a gran escala.

**Lugar:** Santiago de Compostela

**Organizador:** IWA

**Data de inicio:** 07-06-2027

**Data de fin:** 11-06-2027

## Resiliencia empresarial baixo ameaza: navegando a xeopolítica nunha era de incertidume

**Contido:** O 11 de xuño terá lugar a sesión online de Sustainability TrendsWatch 2026, centrada en xeopolítica, disrupción e impacto na estratexia empresarial.

**Lugar:** Online

**Organizador:** United Nations Global Compact

**Data de inicio:** 11-06-2026

**Data de fin:** 11-06-2026

## Foro Político de Alto Nivel sobre o Desenvolvemento Sostible 2026

**Contido:** O tema do Foro Político de Alto Nivel (HLPF) será "Accións transformadoras, equitativas, innovadoras e coordinadas para a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible e os seus Obxectivos de Desenvolvemento Sostible para un futuro sostible para todos". O HLPF de 2026, recoñecendo plenamente a natureza integrada, indivisible e interconectada dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, realizará análises exhaustivas de: ODS 6. Garantir a dispoñibilidade e a xestión sostible da auga e o saneamento para todos; ODS 7. Garantir o acceso a enerxía alcanzable, fiable, sostible e moderna para todos; ODS 9. Construír infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sostible e fomentar a innovación; ODS 11. Lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles; e ODS 17. Fortalecer os medios de implementación e revitalizar a Alianza Mundial para o Desenvolvemento Sostible.

**Lugar:** Nueva York

**Organizador:** Nacións Unidas

**Data de inicio:** 07-07-2026

**Data de fin:** 15-07-2026

## ICSD 2026: 14ª Conferencia Internacional sobre Desenvolvemento Sostible

**Contido:** Baixo o lema "Creando unha base unificada para o desenvolvemento sostible: investigación, práctica e educación", a conferencia abordará a sustentabilidade ambiental, económica e sociocultural, fomentando a cooperación interdisciplinaria e o intercambio de ideas para afrontar os desafíos globais e promover o uso eficiente dos recursos.

**Lugar:** Roma

**Organizador:** Centro Europeo para o Desenvolvemento Sostible (ECSDEV) colaboración coa Universidade CIT

**Data de inicio:** 09-09-2026

**Data de fin:** 10-09-2026

# BIBLIOGRAFÍA

## MONOGRAFÍAS

**Nature-based Solutions: How LIFE works with nature for people. European Commission, marzo 2026.**

**Documento orientador sobre a adaptación dos espazos Natura 2000 ao cambio climático. Comisión Europea, marzo 2026.**

## RECURSOS ELECTRÓNICOS

**Novidades bibliográficas CENEAM - Abril 2026**

**Boletín de Primavera 2026 do Comité Español da UICN**

**Informe Anual Fundación Naturgy 2025**

**EFFIS (Sistema Europeo de Información sobre Incendios Forestais)**

**Novidades Fototeca CENEAM - Abril 2026**

**Boletín de novidades bibliográficas marzo-abril 2026 da Biblioteca do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible**

BOLETÍN DE INFORMACIÓN AMBIENTAL

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO